



Cando un era mozo, hai disto moitos anos, participabamos nunha asociación cultural das que inzaron polo país nos primeiros anos setenta do pasado século; unha das actividades primordiais era o teatro, afeccionado, daquela todo o teatro en galego era afeccionado. A compañía de rapazolos e rapazolas armaban con absoluta vontade e escasos medios algunha que outra peza para representar na vila, en mundial estrea, e despois, en exitosa xira, percorrer as parroquias do arredor e ata algúns dos concellos veciños. Eran obras de escenificación simple e sobre todo blancoamorianas.

Por certo, entre a admiración e a boa educación, pedíramos audiencia ante don Eduardo para que nos concedese autorización para representar un dos seus contos escénicos: “A tía Lambida”; permiso que evidentemente nos concedeu agradecéndonos, con afectuoso entusiasmo, a nosa visita. Ao longo da conversa, no vestíbulo dun hotel ourensán, don Eduardo afirmara, frase da que sempre acordei: “o meu teatro é para a xente, escribino para que fose representado polas vilas e aldeas...”. Esta concepción dun teatro popular, expresado nunha lingua popular, deixouna explícita Blanco Amor na “xustificación” do seu Teatro para a xente ¹ publicado en 1974, un ano despois das súas Farsas para títeres ², cando escribe:

“Esta “xentes” existe; forma a máis grande maioría do noso pobo, i é a que procura, e atopa, na outra língoa, ou na deformación paródica da súa -o castrapo- os estímulos e cumprimentos do seu apetite de lecer e de divertimento que non lle ofrece, nos seus usos “cultos” unha língoa galega que non é a súa: aquela en que tan requintadamente falamos i escribimos uns intelectuais pra os outros ou pra uns lectores minoritarios...” (p.9)

Este “populismo” de Blanco Amor estaba ben afastado das:

“(…) desmesuras e chocalloadas do falso enxebrismo postxoselinistas e da súa extrema deformación profesional no “xambolismo” que acada tamén o tratamento de “lo gallego” no teatro e no cine, pintoresco e colonialista, aínda que sexa por mans de directores “intelectúais”.(p. 10-11)

Para os que se poidan perder nas referencias eduardianas, o “postxoselinismo” fai referencia a Xoselín (José Rodríguez de Vicente, 1895-1958), un personaxe (galego de aldea, bo e de poucas letras, pero con moita sabedoría) enormemente popular tanto no país como na gran capital galega, o Bos Aires da primeira metade do século XX, que andaba a contar chistes cun esaxerado “sotaque” e unha presenza chocalleira e paleta. Aínda así Blanco Amor engade unha “exculpación” do contador:

“Non lle boto enriba todas as culpas desta nova modalidade “folklórica” dos narradores de socedos ou contos como espectáculo parateatral, ao que foi meu bon amigo Xosé R. de Vicente, “Xoselín”, galego culto, gran cabaleiro, amante e defensor da súa terra por enriba dos seus avatares políticos sinón a aqueles que sin verdadeira gracia popular fixeron da súa natural finura de ouservación de tipos populares e da lingoaxe dos peiraos baioneses, un brosmo “patois” badoco pra adivirtir aos “executivos” en vista con estas espresións “raciales” ao remate das enchentes oficiáis”. (p.10-11)

Teatro para a xente*

Escrito por Carlos Méixome Quinteiro
Mércores, 30 Decembro 2015 18:46

